

Nova convocatoria de sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, para o día 16 de outubro de 2019

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 16 de outubro de 2019**, ás 18:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2019/9M/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de setembro de 2019

2. 2018/7892X PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución da obra “proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, aprobado definitivamente por acordo do 26 de xullo de 2018 do Consello da Xunta de Galicia.

3. 2019/11259D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para que se proceda ao rescate da concesión do aparcadoiro de titularidade da Deputación que se atopa no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense baixo o nome de aparcadoiro Santa María Nai.

4. MOCIÓNS DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.